

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Subvencións e axudas

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIÓNS OFICIAIS E PARA ORGANIZAR EVENTOS DEPORTIVOS.

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA PARTICIPAR EN COMPETICIÓNS OFICIAIS E PARA ORGANIZAR EVENTOS DEPORTIVOS.

Primeira. Definición.-

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión das subvencións da Concellería de Deportes para o ano 2022 de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Búscase, ademais, eficiencia na asignación e a maximización no reparto dos recursos existentes para a realización de actividades que complementen ou suplan aos de competencia municipal.

Segunda. Obxecto da subvención.-

A Concellería de Deportes ten como obxectivo fomentar a realización de actividades deportivas, a promoción e desenvolvemento da cultura física no municipio e facilitar a participación da veciñanza redondelá nas competicións deportivas oficiais nas modalidades existentes.

O obxecto desta convocatoria é regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de libre concorrència para:

- a).- Organización de eventos.
- b).- Participar en competicións oficiais.
- c).- Participar en competicións oficiais de deporte adaptado.
- d).- Deportistas individuais que participen en competicións oficiais

As entidades que soliciten subvención como comprendidas no apartado b), non poderán solicitar subvención do apartado c); e viceversa.

Así mesmo, non poderán solicitar subvención os deportistas individuais que pertencen a un club redondelá que solicítase subvención polos apartados a, b ou c.



Terceira. Importe da subvención.-

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 200.000 euros con cargo á aplicación 3411A.489.0000 do orzamento vixente. Disponse de ata un máximo de 188.000 euros para participar en competicións oficiais, ata un máximo de 4.000 euros para participar en competicións oficiais de deportes para persoas con discapacidade, ata un máximo de 2.000 euros para as competicións nas que participen deportistas individuais e ata un máximo de 6.000 euros para organización de eventos.

A subvención non poderá exceder do 50% do orzamento da entidade deportiva por participar en competicións oficiais ou por organizar eventos segundo o establecido na letra A) da base sétima. Naqueles casos nos que o orzamento de gastos da entidade supere o 10% respecto ao orzamento de ingresos, terase en conta como cantidade límite a do orzamento de ingresos.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. Se así fose, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión das subvencións poderá dar lugar, se é o caso, á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado (nacional, Unión Europea ou organismos internacionais), agás outras subvencións concedidas polo concello. Tampouco será compatible esta subvención no seu apartado de "Uso de instalacións" coas subvencións que este concello outorgue aos centros culturais parroquiais polos seus gastos correntes.

Cuarta. Beneficiarios.-

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións que outorgue este concello a persoa que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou que se atope na situación que llexítima a súa concesión.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións deportivas radicadas no Concello de Redondela, que se atopen constituídas en forma e debidamente legalizadas no momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e que reúnan os seguintes requisitos:

1.- Ser unha entidade sen ánimo de lucro que estea inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións cunha antigüidade superior a tres anos no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes. Este requisito non será aplicable a aqueles entes deportivos aos que se lle concedera unha subvención na convocatoria do ano 2021. Para aquelas entidades que soliciten por primeira vez esta subvención deberán achegar documentación expedida pola federación correspondente na que se recolla a participación da entidade nalgunha competición organizada pola federación nas tres tempadas anteriores.



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

2.- Os peticionarios que participen en competicións deportivas oficiais dunha ou varias modalidades deportivas (por oficiais entendemos as competicións deportivas organizadas polas entidades federativas responsables destas, agás naqueles casos nos que as federacións ou asociacións non as organicen) e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e no Rexistro Galego de Entidades Deportivas da Dirección Xeral de Deportes, e contén, como mínimo, co 35% dos deportistas con residencia en Redondela.

A condición de residencia non será aplicable nos casos de competicións de discapacitados.

No caso da modalidade de subvención para deportistas individuais será requisito indispensable estar empadroadado/a no Concello de Redondela.

3.- Non estar incurso en algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4.- Non ser tido sancionados pola federación deportiva correspondente no ano anterior a esta convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes.

5.- Que as entidades non discriminen nos premios ou recoñecementos que outorguen ás persoas deportistas por razón de xénero.

6.- Ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias; ou ben ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada; ou ben ter presentado unha renuncia por escrito.

7.- Estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Redondela.

Quedan excluídos desta convocatoria:

- As actividades incluídas dentro do programa do Deporte en Idade Escolar da Dirección Xeral de Deportes, por estar integramente subvencionadas polo devandito organismo.

- Actividades organizadas polo Concello de Redondela.

- Actividades que non cumpran algún requisito das presentes bases.

- Aquelas actividades ou actos que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade entre xéneros ou á violencia de xénero.

- As escolas deportivas.

Quinta. Documentación.-

As entidades deportivas interesadas en obter subvencións deberán solicitalo mediante a presentación da seguinte documentación:

- Anexo 1. Solicitud de subvención.



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

- Anexo 2. Memoria de solicitude (no caso de eventos).
- Anexo 3. Declaracións responsables:
 - a. Declaración responsable da entidade solicitante, na que consten as subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade e referida a mesma tempada.
 - b. Declaración responsable de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - c. Declaración responsable de ter xustificadas as subvencións de anteriores convocatorias.
- Anexo 4. Orzamento de gastos e ingresos da tempada 2022 ou 2021/2022 segundo a modalidade deportiva.
- Anexo 5. Promoción Redondela. Para aquelas entidades que participen ou organicen en competicións a nivel nacional e internacional que supoñan ascensos ou descensos, sectores, mundiais ou similares; sempre que sexa por mérito deportivo clasificatorio e non de carácter voluntario. Debe quedar acreditado documentalmente. Os conceptos deste parámetro corresponderán, exclusivamente, a gastos en manutención, dereitos federativos, aloxamentos e desprazamentos.
 - Calendarios das competicións oficiais.
 - Certificado da correspondente federación deportiva onde consten os equipos, categorías, sexo e licenzas; así como a participación destes na tempada á que se refire a presente convocatoria.
 - Gastos de instalacións. Aquelas entidades que soliciten a aplicación do parámetro “Uso de instalacións deportivas” deberán acreditar o título baixo o que ostentan o uso do devandito local. Así mesmo, deberán presentar a facturación do ano anterior que xustifique os gastos que se valoran neste apartado.
 - Listados da federación de todos os deportistas da entidade, quedando identificada a entidade deportiva e os datos de cada deportista (como mínimo o nome e apelidos, no seu caso DNI, data de nacemento e categoría); ou fichas de todos os deportistas federados; ou relación das mutualidades/aseguradoras de todos os deportistas. Ademais desta documentación, no caso do parámetro “Categoría deportiva”, cómpre presentar a fotocopia da licenza de cada deportista.
 - Titulación oficial dos membros do corpo técnico (entendéndose por corpo técnico: o entrenador, 2º entrenador, preparador físico e entrenador de porteiros) expedida pola correspondente federación ou centros autorizados. Así mesmo, achegarán unha relación cos datos de cada membro do corpo técnico, titulación e categoría/equipo ao que están vinculados. No caso de que unha persoa teña varias titulacións, só se puntuará a de maior categoría.
 - Deberán presentar, salvo que xa foran presentados neste concello, os seguintes documentos:
 - Certificado de inscrición no Rexistro Galego de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

- Título polo que se ostenta a titularidade do local, no caso de “Uso de instalacións”.
 - Fotocopia do DNI do representante e CIF da entidade deportiva.
- No caso de só solicitar subvención por “Promoción Redondela” deberán presentar os anexos 1, 3, 5, 9, e 10; certificado da inscrición da federación correspondente; fotocopia do DNI do representante ou deportista; e/ou CIF da entidade.
- No suposto de solicitar subvención por deportista individual: licenza federativa, calendario oficial da correspondente modalidade deportiva, fotocopia do DNI e no caso de menores, ademais, do representante legal e do documento acreditativo da representación, acreditarse mediante calquera medio válido en Dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia. (Á cantidade concedida aplicaráselle os tributos correspondentes).

O Concello de Redondela xestionará de oficio o certificado municipal de estar inscrito no rexistro municipal de asociacións e o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local. Ademais, naqueles casos nos que sexa obrigatorio, e sempre que o representante da asociación autorice a este concello, incorporaranse os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda Autonómica.

Presentación:

As persoas físicas interesadas en acollerse aos beneficios destas bases presentarán as solicitudes no rexistro de entrada do Concello de Redondela dirixidas á Alcaldesa ou a través de calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no modelo normalizado que se facilitará no propio rexistro.

Para o caso das persoas xurídicas, e de acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>). No caso de que as entidades acheguen a súa solicitude en papel, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica, considerando coma data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación e que deberá realizarse dentro do prazo que se recolle na base seguinte. Neste caso, será obrigatorio a sinatura de persoa xurídica.

Se as/os solicitantes non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que emende as deficiencias en dez días, con indicación expresa de que se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para o caso das persoas xurídicas, as notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Redondela enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:VEJDMV55CBNUJCPF



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

Sexta. Prazo de solicitude.-

Estas Bases publicaranse na páxina web do Concello de Redondela (www.redondela.gal), no taboleiro electrónico e no Boletín Oficial da Provincia. O prazo de solicitude é de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. No caso de solicitar “Promoción Redondela”, eventos e deportistas individuais o prazo rematará o 1 de novembro.

Sétima. Concesión de subvencións.-

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrencia competitiva polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e adjudicar as subvencións segundo as valoracións.

A) CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS:

As entidades poderán solicitar subvención para un máximo de dúas actividades, que deberán levarse a cabo antes de que remate o prazo da solicitude, é dicir, antes do 1 de novembro.

O importe da subvención obterase coa aplicación ata un máximo do 40% ao total dos gastos xustificadas mediante facturas emitidas en concepto de gastos ocasionados pola organización do evento en cuestión. Os gastos xustificadas non poderán exceder do 50% do orzamento da entidade deportiva por organizalo. Naqueles casos nos que o orzamento de gastos da entidade supere o 10% respecto ao orzamento de ingresos, terase en conta como cantidade límite a do orzamento de ingresos.

Para solicitar subvención pola organización de eventos deberase presentar: Anexo I, Anexo II, Anexo X, facturas orixinais, xustificantes de pagamento e cartel do evento.

No caso de que sumadas todas as cantidades propostas como subvencións excedan a consignación total, modificaríanse os importes aplicando as reducións proporcionais a cada unha delas; para que a suma total non exceda da cantidade recollida na base terceira.

B) CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS POLA PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS OFICIAIS

Os criterios de valoración para o sinalamento de subvencións e fixación da súa contía, serán como mínimo os que se inclúen na seguinte táboa:

A ponderación dos criterios de valoración para a correspondente avaliación é a seguinte:



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

1.- Puntuación de cada un dos criterios específicos

CONCEPTO AVAIIABLE	DESCRIPCIÓN DO CONCEPTO	DOTACIÓN ORZAMEN TO	PUNTUACIÓN	VALOR PUNTO																																		
Número deportistas federados	Tramitadas durante a tempada	46,00%	<p><u>Empadroados:</u> Antes da aplicación da táboa o número de licenzas da base (ata infantil) multiplicarase por 1,25, cadete e xuvenil multiplicarase por 1,5; por 3 o número de deportistas adaptados e por 1,75 as mulleres júnior e senior.</p> <p><u>Non empadroados:</u> Ata xuvenil, multiplicarase por 1 e júnior e senior por 0,5</p> <table border="1"> <thead> <tr> <th>Número Licenzas</th> <th>puntos</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td>0-10</td><td>2</td></tr> <tr><td>11-20</td><td>4</td></tr> <tr><td>21-30</td><td>6</td></tr> <tr><td>31-40</td><td>8</td></tr> <tr><td>41-50</td><td>10</td></tr> <tr><td>51-75</td><td>12</td></tr> <tr><td>76-100</td><td>14</td></tr> <tr><td>101-125</td><td>16</td></tr> <tr><td>126-150</td><td>18</td></tr> <tr><td>151-175</td><td>20</td></tr> <tr><td>176-200</td><td>22</td></tr> <tr><td>201-225</td><td>24</td></tr> <tr><td>226-250</td><td>26</td></tr> <tr><td>251-275</td><td>28</td></tr> <tr><td>276-300</td><td>30</td></tr> <tr><td>> de 301</td><td>34</td></tr> </tbody> </table>	Número Licenzas	puntos	0-10	2	11-20	4	21-30	6	31-40	8	41-50	10	51-75	12	76-100	14	101-125	16	126-150	18	151-175	20	176-200	22	201-225	24	226-250	26	251-275	28	276-300	30	> de 301	34	46 % orzamento/total de puntos
Número Licenzas	puntos																																					
0-10	2																																					
11-20	4																																					
21-30	6																																					
31-40	8																																					
41-50	10																																					
51-75	12																																					
76-100	14																																					
101-125	16																																					
126-150	18																																					
151-175	20																																					
176-200	22																																					
201-225	24																																					
226-250	26																																					
251-275	28																																					
276-300	30																																					
> de 301	34																																					
Uso de instalacións deportivas	Gastos necesarios de instalacións para a práctica deportiva ou para a xestión directiva da entidade (que serán debidamente xustificadas)	12,00%	1 punto por cada 100€ gastado por usos de instalacións deportivas: Energía, seguro local, limpeza, aluguer e impostos	12% do orzamento/total de puntos																																		
Nivel técnico	Dos equipos da entidade valorada pola categoría da competición deportiva oficial	26,00%	En función da táboa Anexa I	26 % do orzamento/total de puntos																																		
Promoción Redondela	Sectores, fases de ascenso ou similares.	5,00%		50% dos gastos xustificadas																																		

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VEJDMV55|CBNUJCPF



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

Titulación deportiva	3,00%	-Nivel I/Básico de Especialista en Entrenamiento de Porteros de Fútbol FS	Puntos	3,00%do orzamento/total de puntos
			5	
		-Nivel II/Territorial/Avanzado de Especialista en Entrenamiento de Porteros de Fútbol FS	10	
		- TAFAD/ TSEAS/ TSAF	10	
		-Nivel III/Nacional/Profesional de Especialista en Entrenamiento de Porteros de Fútbol FS	15	
		- Maestro EF	15	
		-INEF/ CAFYD	15	
		- Grao Fisioterapia	15	
Categoría deportiva	Categoría deportiva	8,00%	Cada xogador 1 punto +0,5 feminino +0,5 empadroados +0,5 menor 23 anos	8% do orzamento/total de puntos

Podemos verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VEJDMV551CBNUJCF



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

Para o parámetro “Categoría deportiva” deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Un Club poderá solicitar por equipos inscritos nunha federación deportiva un máximo de dúas axudas (unha por categoría masculina e outra por categoría feminina, sempre e cando estes equipos do Club cumpran co resto de requisitos).
2. Na competición da devandita liga ou calendario anual exista un mínimo de oito inscritos nesta.
3. Participar con equipos de categoría absoluta ou sénior, durante a tempada deportiva 2021/2022 ou 2022 dependendo da modalidade deportiva, en competicións organizadas pola Federación Española ou internacional correspondente, recoñecida nalgunha das categorías que a continuación se detallan:
 - Fútbol (2ª RFEF, 3ª RFEF).
 - Baloncesto (L.E.B. Oro, L.E.B. Plata, E.B.A., Liga Feminina e Liga Feminina 2).
 - Balonmano (División de Honor B Masculina, 1ª Estatal, División de Honor Feminina, División de Honor Prata Feminina).
 - Remo (ACT, LGT A).
 - Fútbol Sala (2ª División, 2ª División B, 3ª División, 1ª División Feminina, 2ª División Feminina).
 - Ciclismo (Élite Sub23).
 - Resto de deportes olímpicos de máxima categoría nacional que non teñan carácter profesional.
 - Resto de deportes non olímpicos de máxima categoría nacional que non teñan carácter profesional.

A cantidade correspondente a “Promoción Redondela” será solicitada e xustificada de xeito independente ao resto da subvención. No caso de que sumadas todas as cantidades excedan do importe total asignado a este parámetro, modificaríanse os importes e aplicaríanse as reducións proporcionais a cada un deles.

TÁBOA DE VALORACIÓN DO NIVEL TÉCNICO (I)

Puntos	DEPORTE NON DE BASE					DEPORTE DE BASE		
	Fútbol	Balonmán	Baloncesto	Fútbol sala	Remo	Deportes Individuais e outros deportes	Deportes Equipos	Deportes Individuais
600	1ª RFEF	División H. Prata Mas./Fem	LEB Oro/Liga Fem 2	1ª División/Masc/Fem	ACT			
450	2ª RFEF		LEB Prata	2ª División/Masc/Fem				
400	3ª RFEF	1ª Nac.	EBA	2ª Divis. B	LGT A			
350				3ª División	LGT Fem			
300					LGT B		Liga Nacional Xuv	
250	Preferente Galicia	1ª Aut.		Preferente Galicia/1ª Autonómica Fem			Div. H. Xuv./Cadetes/Infantis	
200							Liga Galega xuvenil, cadete,	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VEJDMV55/CBNUJCPF



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

							infantil e alevín/ Liga Ouro Balonm.	
100	1ª Galicia	2ª Aut.	1ª Div.					
80	2ª Galicia		2ª Div	1ª Galicia senior				
70	3ª Galicia		3ª Div				Liga Prata Balonm.	
30	Outras categorías	Outras categorías	Outras categorías	Outras categorías	Outras categorías	Patinaxe Natación Ciclismo Atletismo Tiro con Arco Tenis Motonáutica Artes marciais, Petanca, billar, xadrez	Outras categorías	Patinaxe Natación Ciclismo Atletismo Tiro con Arco Tenis Motonáutica Artes marciais, Petanca, billar, xadrez
10						Outros deportes		Outros deportes

Para o caso dos clubs encadrados en deportes individuais e outros deportes recibirán puntuación en cada unha das categorías (base e senior) polo primeiro equipo que conste na documentación, independentemente do número que se acredite na solicitude.

C) CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR PARTICIPAR EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE DEPORTES PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE:

CONCEPTO AVAILABLE	DESCRIPCIÓN DO CONCEPTO	DOTACIÓN ORZAMENTO	PUNTUACIÓN		VALOR PUNTO
			Número Licenzas	puntos	
Número deportistas federados	Tramitadas durante a tempada	45,00%	0-10	2	45% orzamento/total de puntos
			11-20	4	
			21-30	6	
			31-40	8	
			41-50	10	
			51-75	12	
			76-100	14	
			101-125	16	
			126-150	18	
			151-175	20	
			176-200	22	
			201-225	24	
			226-250	26	
			251-275	28	
276-300	30				
> de 301	34				
Nivel técnico	Dos equipos da entidade	35,00%	En función da		35% do orzamento/total de

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VEJDMV55CBNUJCPF



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

	valorada pola categoría da competición deportiva oficial		táboa Anexa I	puntos	
Promoción Redondela	Sectores, fases de ascenso ou similares.	10,00%		10% dos gastos xustificadas	
Titulación deportiva		10,00%	-Nivel I/Básico de Especialista en Entrenamento de Porteiros de Fútbol FS	Puntos 5	10%/total de puntos
			-Nivel II/Territorial/Avanzado de Especialista en Entrenamento de Porteiros de Fútbol FS	10	
			- TAFAD/ TSEAS/ TSAF	10	
			-Nivel III/Nacional/Profesional de Especialista en Entrenamento de Porteiros de Fútbol FS	15	
			-Maestro EF	15	
			-INEF/ CAFYD	15	
			- Grao Fisioterapeuta	15	

A cantidade correspondente a "Promoción Redondela" será solicitada e xustificada de xeito independente ao resto da subvención. No caso de que sumadas todas as cantidades excedan do importe total asignado a este parámetro, modificaríanse os importes aplicando reducións proporcionais a cada un deles.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VEJDMV55CBNUJCPF



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

TÁBOA DE VALORACIÓN DO NIVEL TÉCNICO (I)

DEPORTE NON DE BASE							DEPORTE DE BASE	
Puntos	Fútbol	Balonmán	Baloncesto	Fútbol sala	Remo	Deportes Individuais e outros deportes	Deportes Equipos	Deportes Individuais
600	1ª RFEF	División H. Prata Mas./Fem	LEB Oro/Liga Fem 2	1ª División/Masc/Fem	ACT			
450	2ª RFEF		LEB Prata	2ª División/Masc/Fem				
400	3ª RFEF	1ª Nac.	EBA	2ª Divis. B	LGT A			
350				3ª División	LGT Fem			
300					LGT B		Liga Nacional Xuv	
250	Preferente Galicia	1ª Aut.		Preferente Galicia/1ª Autonómica Fem			Div. H. Xuv./Cadetes/Infantis	
200							Liga Galega xuvenil, cadete, infantil e alevín/ Liga Ouro Balonm.	
100	1ª Galicia	2ª Aut.	1ª Div.					
80	2ª Galicia		2ª Div	1ª Galicia senior				
70	3ª Galicia		3ª Div				Liga Prata Balonm.	
30	Outras categorías	Outras categorías	Outras categorías	Outras categorías	Outras categorías	Patinaxe Natación Ciclismo Atletismo Tiro con Arco Tenis Motonáutica Artes marciais, Petanca, billar, xadrez	Outras categorías	Patinaxe Natación Ciclismo Atletismo Tiro con Arco Tenis Motonáutica Artes marciais, Petanca, billar, xadrez
10						Outros deportes		Outros deportes



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

Para o caso das persoas solicitantes de subvención para competicións oficiais de deportes de persoas con discapacidade deberá achegarse un certificado da correspondente federación de deportes para persoas con discapacidade. Neste recollerase os deportistas federados e outro onde se recolla a súa participación nas correspondentes competicións oficiais de persoas con discapacidade.

D) CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN A DEPORTISTAS INDIVIDUAIS QUE PARTICIPEN EN COMPETICIÓN OFICIAIS:

Para poder acceder a esta subvención o deportista deberá contar con licenza federativa en vigor, estar empadroado en Redondela, participar en competicións oficiais a título individual e non pode pertencer a unha asociación deportiva que xa reciba algunha axuda pública.

Teranse en conta os gastos realizados desde o 1 de xaneiro ao 1 de novembro de 2022 que estén directamente relacionados coa práctica deportiva en cuestión. Só serán válidos aqueles gastos que se realicen polo beneficiario da subvención.

O crédito máximo dispoñible é de 2000€ e o importe de subvención virá determinado segundo as facturas válidas presentadas por cada deportista individual, sendo o importe máximo de subvención a recibir nesta modalidade 1000€.

No caso de que sumadas todas as cantidades propostas como subvencións excedan a consignación total, modificaríanse os importes aplicando as reducións proporcionais a cada un deles.

No momento da xustificación tamén serán admitidos aqueles gastos nos que o terceiro sexa o/a representante legal do/a beneficiario/a se este/a é menor de idade.

Serán admitidos os gastos de locomoción que se realicen con vehículo de titularidade do beneficiario ou do representante legal no caso de menores de idade, sempre que eses gastos estén comprendidos entre o período de tres días antes e tres despois da realización da proba. Xunto coa documentación xustificativa, presentarse declaración de que os gastos presentados foron dedicados integramente á práctica deportiva en cuestión.

Oitava. Procedemento.-

A instrución do procedemento corresponderalle á funcionaria Elena Barciela Alonso ou, na súa ausencia, a persoa funcionaria que propoña a Alcaldía, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será a encargada de requirir ás entidades solicitantes a emenda de deficiencias.

Realizarase un certificado acreditativo das solicitudes presentadas.

Avaliadas as solicitudes pola instrutora, segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nestas bases, elevarase a unha comisión de valoración integrada polo concelleiro de Deportes, don Ignacio Eduardo González Lago, que actuará de presidente; dous concelleiros, dona María



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

Castro Abad e dona Iria Vilaboa Álvarez; e dous traballadores: a funcionaria instrutora do procedemento, que actuará con voz pero sen voto, e dona M^a Goretti González Enes. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designaranse por Resolución de Alcaldía.

Tras a acta da comisión, a instrutora formulará a proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración a comisión ou a instrutora utilizaran datos diferentes dos achegados polas entidades, abrirase un prazo de dez días para que todas as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas. Tras examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario de acordo con esta base, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar os solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectualala. Xunto coa proposta, a instrutora emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder despréndese que as entidades beneficiarias cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Novena. Resolución.-

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización de acordo co Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

A partir da proposta e tras o informe da Intervención Municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

Aquelas entidades que na proposta lle corresponda unha subvención cuxo importe sexa superior a 6.000 euros, poderán solicitar o pagamento anticipado de ata o 75% da cantidade concedida ao beneficiario. Para isto, deberá cumprirse co establecido no art. 34.4 da Lei 38/03 e 88 do Real decreto 887/2006. Antes do 1 de decembro, a entidade beneficiaria deberá xustificar, cando menos, a cantidade adiantada. En caso contrario, iniciarase o expediente para o reintegro das cantidades non xustificadas.

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ao da súa notificación de acordo co establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación, conforme aos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, do 3 de xuño, contencioso-administrativa.



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de acordo co artigo 24.2 da Lei 39/2015, puidendo entón as entidades interesadas interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 e 4 da Lei 29/98.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partir da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcorrido o devandito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.

Décima. Prazo de notificación.-

O outorgamento das subvencións notificarase ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención quedando suxeito ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fins de lucro.

Undécima. Obrigas do beneficiario.-

As entidade beneficiarias das subvencións terán que averse ás seguintes obrigas:

- 1.- Cumprir co obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- 2.- Xustificar ante o Concello de Redondela o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 4.- Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.
- 5.- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VEJDMV55CBNUJCPF



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

6.- Facer constar nas súa actividade, que conta coa subvención do Concello de Redondela. As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo da súa actividade subvencionada, mención expresa do patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Redondela. Todo deberá ir en galego. Todos os beneficiarios deberán incluír en toda a súa equipación deportiva o escudo do Concello e a lenda “Concello de Redondela”. No caso de que por ter empezada a tempada non se puidera proceder á serigrafía do escudo e da lenda, a entidade beneficiaria comprométese a que consten as mesmas na vestimenta da tempada seguinte.

7.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía poderá acordar a compensación.

Asemade, non será posible efectuar ningún pagamento por concesións de subvencións cando transcorrera o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprira este requisito.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Duodécima. Xustificación e pagamento.-

A xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Redondela antes do 1 de decembro do ano da solicitude. Para o caso das persoas xurídicas farano exclusivamente a través da sede electrónica do Concello de Redondela.

Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días naturais a petición razoada do solicitante e sempre que así o acorde o órgano que concedeu a subvención contando os quince días dende a notificación do acordo da prórroga. Para isto, a petición da prórroga realizarase antes da finalización do prazo da xustificación da subvención.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días que se concederá no caso de presentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

A xustificación, que será obrigatoria para o resto do libramento dos fondos por parte do Concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida. Coa xustificación deberase acompañar o importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia. No caso da obtención de subvencións ou axudas doutras Administracións ou organismos achegarase copia das facturas xustificativas das mesmas que deberán corresponder co período subvencionado pola devandita administración.



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da persoa declarante, farase coa presentación no rexistro de entrada do concello ou na sede electrónica, no caso das persoas xurídicas, dos formularios correspondentes (Anexos VII, VIII, IX e X), debidamente cubertos, que conterán a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación das actividades realizadas coa finalidade para a que foi concedida a subvención.

Á súa vez, aqueles beneficiarios aos que se lle outorgara unha contía que superase os 3.000€ deberán achegar os certificados de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, salvo que autorizaran ao Concello de Redondela a recabar tales documentos. O resto de entes beneficiarios presentará unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

No caso de que a xustificación se realice en papel, presentaranse facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e, no seu caso, correspondentes ao período para o que esta foi concedida. No caso de que a persoa física beneficiaria xustifique a subvención mediante facturas compulsadas, deberá presentar as facturas orixinais para que conste nelas o carimbo do concello e no que se indique que estas foron utilizadas para xustificar unha subvención do Concello.

No caso de que a xustificación se faga por medios electrónicos, as facturas presentadas serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para o que esta foi concedida.

En canto ás xustificacións dos parámetros “Uso instalacións deportivas” deberán presentar facturas xustificativas por tal concepto polo importe subvencionado no devandito parámetro.

As facturas deberán conter os seguintes datos:

- 1.- Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 2.- Identificación completa do proveedor, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.
- 3.- Número de factura.
- 4.- Lugar e data da emisión da factura.
- 5.- Descrición suficiente da subministración realizada ou do servizo prestado, reflectindo as unidades obxecto do servizo ou subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.
- 6.- Período que corresponda.
- 7.- Carimbo ou lenda de “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar; salvo naquelas facturas de importe superior a 1000 €, nas que deberá constar o xustificante do ingreso bancario.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VEJDMV55CBNUJCPF



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

No caso de presentar certificados dos gastos das correspondentes federacións deberán acompañar o correspondente xustificante ou xustificantes de ingreso bancario ou figurar o carimbo de “cobrado”, “pagado” ou similar.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención, salvo en casos de pagamentos a conta.

Os documentos xustificativos corresponderán a gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2022.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións nin como de calquera taxa ou prezo público satisfeito ao concello. Tampouco serán gastos xustificables os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, recargos e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

No caso de alugamentos puntuais de vehículos, na factura deberá constar de xeito expreso as datas de inicio e de finalización do alugueiro. Os gastos de combustible por desprazamentos só se terán en conta se o/s vehículo/s son propiedade do club ou os ten alugados. Para o caso dos deportistas individuais, terase en conta o recollido na letra D) da base sétima.

Os gastos de equipamento deportivo textil só serán admisibles na xustificación no caso de que non se vendan directamente e se utilicen na práctica deportiva das/os xogadoras/es.

No caso da xustificación de gastos que se refiran a un período de tempo (como seguros) imputarase a totalidade do gasto no ano en que se aboe.

No caso de xustificar o gasto mediante nóminas, estas deberán vir acompañadas dun certificado da/o secretaria/o da entidade beneficiaria no que se estableza cal é a porcentaxe do importe da devandita nómina ou seguro social que se imputa á xustificación. A xustificación de gastos salariais non serán admisibles se estes se refiren a persoal que se atope en situación de incapacidade temporal se esta supera o mes ou en ERTE, . O devandito certificado da/o secretaria/o da entidade beneficiaria deberá tamén reflectir se algunha das persoas das que se xustifica os seus gastos salariais estiveron nesa situación.

Para o caso de xustificación de seguros sociais a cargo da entidade beneficiaria presentárase a relación nominal de traballadores e o recibo de liquidación de cotizacións dos meses que se presenten na xustificación da subvención e se non se deduce claramente da documentación, deberá constar certificado da/o secretaria/o no que se estableza a contía imputable á xustificación. Este importe deberá ser acorde coa cantidade imputada do salario da/o empregada/o.

Non serán gastos subvencionables os de investimentos, inventariables ou análogos.

Se as axudas doutras administracións públicas son superiores ás previstas ou declaradas polo beneficiario no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención destas bases, a contía total de gastos o importe da subvención verase reducida na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:VEJDMV55CBNUJPF



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instructor da base oitava procederá á valoración de se, coa xustificación presentada por cada beneficiario, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración, as xustificacións e a proposta que elaborará o concelleiro de deportes a partir das devanditas valoracións se fiscalizarán pola Intervención Municipal.

Tras a xustificación, a proposta do concelleiro e a fiscalización da Intervención Municipal o órgano competente resolverá facendo mención expresa á que se produciu a comprobación da realización da actividade e o cumprimento da xustificación e nese caso, proporase que se lle recoñeza a obriga e que se efectúe o correspondente pagamento.

O importe xustificado será coma mínimo o importe subvencionado. No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida realizárase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos destas bases.

Establécese a posibilidade de realizar pagamentos a conta de acordo co art. 34.4 da Lei 38/2003.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado), por resolución da Alcaldía iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso por revocación da concesión da subvención.

Décimo terceira. Publicidade do procedemento da concesión da subvención das bases.-

Procederáse á publicación no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Redondela e no Taboleiro Electrónico do Concello. En todo caso, o acordo de concesión tamén será exposto polo prazo de 30 días no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, os beneficiarios, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.

Igualmente, será obxecto de publicación na base de datos nacional de subvencións, de acordo co artigo 20.5 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 4 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Protección de datos de carácter persoal.

Os solicitantes interesados autorizarán a cesión dos datos á Base Nacional de Subvencións dependente da Intervención Xeral da Administración do Estado.

O seu contido terá carácter reservado, sendo de aplicación, en o referente ao dereito de acceso, de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o acceso a o seu contido realizarase segundo os procedementos e con o ámbito establecido no artigo 20.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

Cando haxan de publicarse datos persoais das persoas físicas beneficiarias, haberán de cumprirse en todo caso, os principios e a normativa de protección de datos, incluíndo a forma en que haberán de publicarse devanditos datos persoais identificadores do beneficiario.

Os datos persoais publicados serán exclusivamente os necesarios para o fin do tratamento.

Con todo, non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando:

a) A información contida na BDNS ou o propio obxecto da convocatoria proporcione información ou datos especialmente protexidos dos beneficiarios ou relativos ás categorías especiais de datos relacionados nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

b) A persoa física atópese nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller.

Todo elo nos termos do artigo 7.5 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Décimo cuarta. Reintegro da subvención.-

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da subvención, que levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.
- Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, dende o momento de pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro. As cantidades reintegradas terán o carácter de dereito público.

Décimo quinta. Inspección e control.-

O Concello de Redondela, a través da Intervención Municipal, poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Así mesmo, será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Martes, 19 de abril de 2022

Núm. 74

Décimo sexta. Infraccións e sancións.-

En canto ás infraccións e sancións, a estas bases aplícaselle o disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima. Réxime xurídico aplicable.-

Estas Bases e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

- 1.- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
